

## **ORDENANZA N° 7**

### **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR OCUPACIÓNS DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA**

(BOP.N° 275 de 30-11-1998)

#### **Artigo 1º.- Fundamento e natureza.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por Ocupacións do Subsolo, Solo e Voo da Vía Pública, cuxa Lei 39/88 foi modificada pola Lei 25/1998, de 13 de xullo, do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais.

#### **Artigo 2º.- Obrigados ó pago**

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta Ordenanza as persoas ou entidades a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou quen se beneficie do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

#### **Artigo 3º.- Categoría das rúas ou polígonos**

1. Ós efectos previstos para a aplicación das Tarifas segunda e quinta do apartado 2 do artigo 4.º seguinte, as vías públicas deste Concello clasifícanse en .....categorías.
2. Anexo a esta Ordenanza figura un índice alfabético das vías públicas deste Concello con expresión da categoría que corresponda a cada unha delas.
3. As vías públicas que non aparezan sinaladas no índice alfabético serán consideradas de última categoría, permanecendo cualificadas así ata o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se aprobe polo Pleno desta Corporación a categoría correspondente e a súa inclusión no índice alfabético de vías públicas.
4. Cando o espazo afectado polo aproveitamento estea situado na confluencia de dúas ou máis vías públicas clasificadas en distinta categoría, aplicarase a tarifa que corresponda á vía de categoría superior.

#### **Artigo 4º.- Contía**

1. A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será a fixada nas Tarifas contidas no apartado 3 seguinte.
2. Non obstante o anterior, para as empresas explotadoras de servizos de subministros que afecten á xeralidade ou a unha parte importante da veciñanza, a contía do prezo público regulado nesta Ordenanza consistirá, en todo caso e sen excepción ningunha, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal ditas Empresas. A estes efectos, entenderase por ingresos brutos os que figuren en dita facturación.

A contía deste prezo público que puidese corresponder a Telefónica de España, S.A., está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o apartado 1 do artigo 4.º da Lei 15/1987, de 30 de xullo ( Disposición Adicional Oitava da Lei 39/1988, de 28 de decembro).

3. As Tarifas do prezo público serán as seguintes:

**Tarifa primeira. Roscas de ás, raís, transformadores, caixas de amarre, distribución e de rexistro, cables, tubos e análogos.**

1. Roscas de ás ou raís para o sostemento de cables. Por unidade ó semestre.....	
2. Transformadores colocados en quioscos. Por cada m <sup>2</sup> ou fracción ó semestre.....	
3. Caixas de amarre, distribución e de rexistro. Cada unha, ó semestre.....	
4. Cables de traballo colocados na vía pública ou terreos de uso público. Por metro liñal ou fracción, ó semestre.....	
5. Cables de alimentación de enerxía eléctrica, colocados na vía pública ou terreo de uso público. Por metro liñal ou fracción, ó semestre.....	
6. Cables de condución eléctrica, subterránea ou aérea. Por cada metro liñal ou fracción, ó semestre.....	
7. Condución telefónica aérea, adosada ou non á fachada. Por cada metro liñal ou fracción de tubo, ó semestre.....	
8. Condución telefónica subterránea. Por cada metro liñal ou fracción de canalización, ó semestre.....	
9. Ocupación do subsolo, solo ou voo da vía pública ou terreos de uso público con cables non especificados noutros epígrafes. Por cada metro liñal ou fracción, ó semestre.....	
10. Ocupación da vía pública con tubos para a condución de auga ou gas. Por cada metro liñal ou fracción, ó semestre.....	
11. Ocupación do subsolo con conducións de calquera clase. Cando o ancho non exceda de 50 centímetros. Por cada metro liñal ou fracción, ó semestre. ....	
Cando exceda de dita anchura pagarase por cada 50 centímetros de exceso e por cada metro liñal ó semestre.....	

**Tarifa segunda. Postes**

1. Postes con diámetro superior a 50 centímetros por cada poste e semestre:

Nas rúas de 1ª categoría.....	
Nas rúas de 2ª categoría.....	

2. Postes con diámetro inferior a 50 centímetros e superior a 10 centímetros. Por cada poste e semestre:

Nas rúas de 1ª categoría.....	
Nas rúas de 2ª categoría.....	

3. Postes con diámetro inferior a 10 centímetros. Por cada poste e semestre:

Nas rúas de 1ª categoría.....	
Nas rúas de 2ª categoría.....	

Se o poste serve para sostemento de cables de enerxía eléctrica, pagará de acordo coa Tarifa se a corrente é de baixa tensión, o dobre da Tarifa se é de media tensión e o triple se é de alta tensión.

A Alcaldía poderá conceder unha bonificación ata un 50 por 100, respecto ás cotas deste epígrafe, cando os postes instalados por particulares con outros fins sexan ó mesmo tempo utilizados por algún servizo municipal.

**Tarifa terceira. Básculas, aparatos ou máquinas automáticas.**

1. Por cada báscula, ó semestre.-.....	
2. Cabinas fotográficas e máquinas de xerocopias. Por cada unha, ó semestre.....	
3. Aparatos ou máquinas de venda de expedición automática de calquera produto ou servizo, non especificados noutros epígrafes. Por unidade, ó semestre.....	

**Tarifa cuarta. Aparatos surtidores de gasolina e análogos.**

1. Ocupación da vía pública ou terreos municipais con aparatos surtidores de gasolina. Por cada m <sup>2</sup> ou fracción, ó semestre.....	
2. Ocupación do subsolo da vía pública con depósitos de gasolina. Por cada m <sup>3</sup> ou fracción, ó semestre.....	

**Tarifa quinta. Reserva especial da vía pública.**

1. Reserva especial da vía pública ou terreos de uso público para as prácticas das denominadas autoescolas ou similares:

Polos primeiros 50 m<sup>2</sup> ou fracción, ó mes:

Nas de 1 <sup>a</sup> e 2 <sup>a</sup> categorías.....	
--	--

Por cada m<sup>2</sup> de exceso, ó mes:

Nas rúas de 1 <sup>a</sup> e 2 <sup>a</sup> categorías.....	
---	--

**Tarifa sexta. Guindastres.**

Por cada guindastre utilizado na construción, cuxo brazo ou pluma ocupe no seu percorrido o voo da vía pública, ó semestre.....	
---	--

As contías que corresponde abonar polo guindastre, pola ocupación do voo, é compatible coa que, no seu caso, proceda por ter a súa base ou apoio na vía pública.

O abonamento deste prezo público non exime da obrigaón de obter a autorización municipal de instalación.

**Tarifa sétima. Outras instalacións distintas das incluídas nas tarifas anteriores.**

1. Subsolo: por cada m <sup>3</sup> do subsolo realmente ocupado, medidas as súas dimensións con espesores de muros de contención, soleiras e lousas, ó semestre.....	
2. Solo: Por cada m <sup>2</sup> ou fracción, ó semestre.....	
3. Voo: Por cada m <sup>2</sup> ou fracción, medido en proxección horizontal, ó semestre.....	

**Artigo 5º.- Normas de xestión**

1. As cantidades esixibles respecto ás Tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.
2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licenza e realizar o depósito previo a que se refire o artigo seguinte.
3. Unha vez autorizada a ocupación, se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogada ata que se presente a declaración de baixa polos interesados.

4. A presentación da baixa surtirá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado nos epígrafes das Tarifas. A non presentación da baixa determinará a obrigaón de continuar abonando o prezo público.

**Artigo 6º.- Obrigaón ó pago.**

1. A obrigaón ó pago do prezo público regulado nesta Ordenanza nace:
  - a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicitar a correspondente licenza.
  - b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.
2. O pago do prezo público realizarase:
  - a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde establece o Concello, pero sempre antes de retirar a correspondente licenza.  
Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 47.1 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, quedando elevado a definitivo ó concederse a licenza correspondente.
  - b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos ou matrículas deste prezo público, por semestres naturais nas oficinas da Recadación Municipal desde o día 16 do primeiro mes do semestre ata o día 15 do segundo mes.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día vinte e catro de novembro de mil novecentos noventa e oito, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de mil novecentos noventa e nove permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O ALCALDE

O SECRETARIO